

O Concello de Boqueixón estreará o día 15 a nova Corporación municipal

O Concello de Boqueixón estreará o vindeiro sábado 15 de xuño a súa nova Corporación municipal. Do total de 11 escanos, sete

foron acadados polo PP de Boqueixón, mentres que Veciñ@s de Boqueixón obtivo os catro restantes.

Así, o PP continuará á

fronte do goberno boqueixanés nesta lexislatura, con Manuel Fernández Munín como rexedor, ao obter a maioría absoluta dos vo-

tos das eleccións municipais. Pola súa banda, a oposición estará composta por catro edís de Veciñ@s de Boqueixón.

Composición da nova Corporación municipal

 **BOQUEIXÓN**



Manuel Fernández Munín



José Manuel Canabal Vázquez



Ana María Seijo Mosquera



Marta Magina Copóns Neira




José Manuel Iglesias Gómez



Alejandro Bermúdez Devesa



Jesús Sanjuás Mera

 **veciñ@s**
de Boqueixón



Xabier Canabal Fernández



Iván Eirís Castro



Ángela Santasmarinas Lorenzo



María Carmen Soutullo Carolo



Foto de familia de autoridades e escolares galardoados no certame literario

Entrega de premios do Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas

O V Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas, organizado pola Biblioteca Municipal de Boqueixón, entregou os seus premios nun acto no CPIP Antonio Orza Couto. Foi presidido polo alcalde, Manuel Fernández Munín; o presidente da Fundación Xosé Neira Vilas, Fernando Redondo Neira, e o director do centro, Xosé Manuel Silva.

Os primeiros postos foron para María Puente (1ª categoría), Arianne Ponte (2ª categoría) e María Crespo (3ª categoría). As segundas posicións recaeron en Álex Valdés, Andrea Torres e Carlota Romy, respectivamente. Os terceiros clasificados deste certame literario foron Simón Rouco, Iria Rial e Rubén Ferreiro, respectivamente.

Oural celebrou o San Cidre con oito vistosas carrozas

Centos de persoas participaron no tradicional Desfile de Carrozas do San Cidre, incluído dentro das festas patronais de Oural. Nesta ocasión, foron un total de oito as carrozas que percorreron as rúas de Camporrápado para despois quedar en exposición no campo da festa de Oural.

Unha das principais novidades desta edición do

Desfile de Carrozas foi a participación do alumnado da Escola Unitaria de Camporrápado. Por primeira vez, levaron unha carroza en cuxa construción participaron as crianzas, os pais e nais e tamén o profesorado do centro. A creación causou grande expectación entre o numeroso público asistente ao acto central das festas de Oural.



Un intre do tradicional Desfile de Carrozas celebrado nas festas de Oural



Curso de Igualdade de Xénero do CIM

O curso sobre Igualdade de xénero e novas formas de violencia contra a muller rexistrou un éxito. A actividade organizouna o CIM e financiouno o Ministerio de Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdade.



O Forte acolheu o Encontro de Maiores

Unhas 400 persoas asistiron ao 28 Encontro de Maiores do Concello de Boqueixón. Homenaxeouse a Carmen Mareque (96 anos) e José Barrio (95) e sorteáronse 26 agasallos coa colaboración de Gasolineras SBC.

Todo listo para acender o Lume Sagrado

Boqueixón está a ultimar todos os preparativos para as actividades máis multitudinarias do ciclo cultura *Un mes e Pico*. O programa de propostas de xuño dará comezo o sábado 8 coa conferencia titulada *O Pico Sacro e as vellas montañas sagradas da Europa Atlántica: Unha historia por construír e comunicar*. Esta sesión será impartida polo doutor en Ciencias da Información pola USC, Manuel Gago Mariño, ás 20.00 horas na Capela de San Sebastián.

Para o domingo 16 de xuño ás 13.00 horas o Pico Sacro está reservada a representación da Cerimonia do Lume Sagrado. A Raíña Alda e o seu séquito trasladaranse ao cumio do *Monte Sagrado* para acender esas chamas utilizando unicamente a forza do sol, celebrando, deste xeito, a chegada do solsticio de verán.

Xa o seguinte sábado, 22 de xuño, terá lugar a posta en escena da Ofrenda do Lume Sagrado en Santiago. O percorrido dará comezo ás 22.00 horas na Alameda compostelá e atravesará o casco histórico para finalizar na Praza de Mazarelos.

Como en anteriores ocasións, a xente que queira, pode participar nas dúas representacións do Lume Sagrado. As persoas interesadas en asistir deberán formalizar a súa inscrición a través do teléfono 981 513 061, ou enviando un correo electrónico a boqueixonturismo@gmail.com. A organización facilitará aos e ás participantes o vestiario preciso.

O ciclo cultural *Un mes*



Arredor dun cento de persoas asistiron á visita 'A resurrección da Raíña Lupa. Translatio do corpo do Apóstolo'



O CPIP Antonio Orza Couto recibiu un premio dentro da Carreira Camiño das Letras



Monterroso iniciou as conferencias



A Cerimonia do Lume Sagrado, que se celebrará o vindeiro 16 de xuño no Pico Sacro

e *Pico* continuará coa entrega do Lume Sagrado para os lumeiros de San Xoán. A recollida realizarase na Capela de San Sebastián entre as 18.00 e as 20.00 horas do 23 de xuño.

Xa para a seguinte fin de semana, o recoñecido divulgador científico, Jorge Mira,

protagonizará unha sesión de observación astronómica no cumio do Pico Sacro. Baixo o título *Unha ollada ó firmamento* dende a tumba do dragón, esta cita desenvolverase o venres 28 de xuño a partires das 23.00 horas.

O peche do ciclo terá lugar

o sábado 29 de xuño. Correrá a cargo de Ana Isabel Filgueiras, cunha conferencia, e de Sofía Silva Carbajales, que ofrecerá un recital de piano.

Primeiras actividades

As primeiras actividades deste ciclo cultural comprenderon a cita deportiva da Carreira Camiño das Letras, que tivo novamente o Pico Sacro como punto de saída, e tamén unha visita teatralizada. Esta última resultou todo un éxito, contando con arredor dun cento de persoas asistentes. Ademais, a Capela de San Sebastián acolleu unha conferencia de Juan Manuel Monterroso, profesor de Historia da Arte na USC.

AXENDA DO MES DE XUÑO

Inscripcións

Entre
3 e 20**Programa
'Madrugadores'**

Programa de conciliación para o vindeiro curso 2019/2020, dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria. Custo a concretar. Máis información e inscricións, no Departamento de Cultura.

Venres
7**Festival fin de curso
con clausura das
Escolas Deportivas**

CPIP Antonio Orza Couto
15.30 horas

Sábado
8**Roteiro de Plantas
Medicinais**

Local Social de Ledesma
17.00 e 18.30 horas
Charla sobre plantas medicinais (mitos e realidades, recolección e conservación, usos e doses, precaucións). Roteiro guiado pola zona. Máis información e inscricións, no Departamento de Cultura.

Sábado
8**Conferencia de
Manuel Gago Mariño**

Pico Sacro
20.00 horas
Entrada de balde
Dentro do ciclo *Un mes e Pico*, conferencia *O Pico Sacro e as vellas montañas sagradas da Europa Atlántica: Unha historia por construír e comunicar*.

Venres
14**Festival fin de curso
da EIM Raíña Lupa**

Casa da Cultura Camporrapado
16.30 horas

Sábado
15**Ruta do Colesterol.
Andaina en Boqueixón**

Casa da Cultura Camporrapado
08.15 horas
Percorrido de 50 kms., con punto de saída e de chegada en Camporrapado. Proba valedeira para o Campionato Galego de Andainas. Info e inscricións en www.rutadocolesterol.com.

Domingo
16**Roteiro fotográfico
de subida ao cumio
do Pico Sacro**

Centro de Interpretación do Pico Sacro e Pico Sacro
De 11.00 a 14.00 horas
Actividade de balde
Actividade co fotógrafo Xaime Cortizo e co guía Juan Segade. Explicación previa, saída ao cumio do Pico Sacro, con paradas técnicas explicativas e posta en común final. Máis información, no Departamento de Turismo.

Domingo
16**Cerimonia do
Lume Sagrado**

Ciclo *Un mes e Pico Pico Sacro*
13.00 horas
Representación simbólica da cerimonia celta na que se obtén o lume directamente do sol. Requerida inscrición previa no Departamento de Turismo.

Domingo
16**Gala de Patinaxe
Artística**

Pavillón de Lestedo
18.00 horas
Organiza Club Ágora-Boqueixón. Participa a Escola Deportiva de Patinaxe de Boqueixón.

Venres
21**Festival da Ocioteca
Casa da Cultura Camporrapado
19.00 horas**Luns
24**Verán Activo**

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Comezo do programa de conciliación, que se desenvolverá os días 24, 25, 26, 27 e 28, e tamén en xullo e agosto. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Sábado
22**Ofrenda do Lume
Sagrado en Santiago**

Ciclo *Un mes e Pico*
Saída da Alameda de Santiago
22.00 horas
A Raíña celta Alda e a súa comitiva ofrecen en Santiago o Lume Sagrado do Pico Sacro. Percorrerá o casco histórico e rematará na Praza de Mazarelos.

Domingo
23**Entrega do
Lume Sagrado**

Ciclo *Un mes e Pico*
Capela do Pico Sacro
De 18.00 a 20.00 horas
Abriranse as portas da Capela de San Sebastián para todo aquel que queira recoller o lume sagrado.

Venres
28**Observación
astronómica no Pico
Sacro con Jorge Mira**

Ciclo *Un mes e Pico*
23.00 horas
Entrada de balde
Inscrición previa en Turismo.

Sábado
29**Goza do Ulla**

Capela San Paio-Codeso
10.00 horas
Actividade de balde
Percorrido pola Ruta dos Pescadores e do Río Grande.

Sábado
29**Conferencia de Ana
Isabel Filgueiras Rey**

Peché Ciclo *Un mes e Pico*
Capela do Pico Sacro
20.00 horas
Entrada de balde
Charla *O condado de Lupa no territorio Montesagro*. Rematará a sesión cun recital de piano a cargo de Sofía Silva Carbajales.

Domingo
30**Descenso do Ulla
en piraguas**

Illas de Gres
10.00 horas
Prezo: 20 € (inclúe piragua e seguro do participante)
Percorrido de 12 kms. entre as Illas de Gres e Agronovo. Inscricións ata 26 de xuño. Prazas limitadas.

e en xullo...Luns
1**Verán Activo
e cursos estivais**

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Programa de conciliación estival e comezo dos cursos de natación, patinaxe, hípica e pintura. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com